

TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO MÉDICO/A DE ADMISIÓN E DOCUMENTACIÓN CLÍNICA

En exercicio das facultades recoñecidas na base 7.2 da convocatoria do proceso selectivo (DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019), o tribunal considera oportuno clarificar que para a realización dos exercicios da fase de oposición, cando sexa preciso atender a textos normativos, estes serán os vixentes na data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución pola que se procedeu ao nomeamento do tribunal (22 de marzo de 2021 -DOG núm. 54-).

Polo que atinxe nomeadamente ao temario da parte específica, isto implica que:

- No tema 10, relativo á estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, estarase ao disposto no Decreto 136/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 208, do 31 de outubro), no canto do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, ao que se fai referencia no temario.
- No tema 41, relativo á lexislación básica de protección de datos persoais, estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, no lugar da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, citada no mesmo temario.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

O secretario do tribunal



Alberto J. López Suárez